

MEDIOS DE COMUNICACIÓN E TRANSPORTE: A VOLTA AO MUNDO EN DÍAS:

Xa estamos acabando, e estamos moi cansados, así que aquí vos deixo unha última proposta.

Como no famoso libro de Julio Verne "A volta ao mundo en 80 días", a proposta é unha viaxe virtual arredor do mundo.

A VOLTA AO MUNDO EN 5 DÍAS:

Collede un mapa, un globo terráqueo ou google maps e elixide 5 cidades que vos gustaría visitar nesta volta ao mundo,

Escribe ao lado a que país pertence, Cantos km hai dunha cidade á seguinte?, e cómo irías desde a túa casa ata a seguinte cidade?, pode que debas usar máis de un medio de transporte.

Cidades	País ao que pertencen	Medios de transporte que utilizarías ata a seguinte cidade
Víncios - Gondomar	España	
1.		
2.		
3.		
4.		
5.		

Deses transportes, cales son:

- Aéreos:
- Terrestres:
- Acuáticos:

Como te comunicaría coa túa familia e amigos?

Como te enteraría do que ocorre na túa cidade ou país (noticias)? (medios de comunicación)

Se queredes, e o tema vos interesa, tamén podedes facer un proxecto máis longo e completo de aquí a setembro.

(Podede facelo libremente ou seguindo as suxestións que aquí vos deixo, tamén podedes facelo sobre unha viaxe real)

- Busca nun almanaque, cantos días hai desde hoxe, luns 8 de maio ata o 19 de setembro.....
- Collede un mapa, un globo terráqueo ou google maps e elixide as cidades que vos gustaría visitar nesta volta ao mundo
- Podedes afondar un pouco nesas cidades, a que país pertencen, por qué vos gustaría ir, que cousas che gustaría facer ou visitar nelas? ... Podes facelo en forma de diario.
- Como irías dunha cidade á seguinte, empezando desde aquí? (que medios de transporte poderías usar para ir dunha cidade á seguinte, podes necesitar máis de un)
- Cantos km hai que recorrer en cada traxecto?
- Como te comunicarías cos teus seres queridos durante a viaxe?
 - Podedes escribirme unha carta ou postal como se estiveses nunha desas cidades, e envíala ao correo de verdade, o meu enderezo é:

Ana M^a Iglesias Iglesias

Brandufe 65, Víncios 36316, Gondomar

Pontevedra, España

- Tamén podedes escribirme por whatsapp ou por correo electrónico, para dicirme onde estades nesa viaxe virtual.
- Como te enterarías do que ocorre na túa cidade ou país (noticias)? (medios de comunicación)

Espero que vos guste a proposta e que o pasedes ben investigando!

BO VERÁN!